



MPN/pnb

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, á vista do informe-proposta da xefa do Servizo de Cooperación, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

SERVIZO DE COOPERACIÓN**BENEFICIARIOS:** CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, PORTAS E VILAGARCÍA DE AROUSA**ASUNTO:** APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E OS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, PORTAS E VILAGARCÍA DE AROUSA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO ACONDICIONAMENTO DA VÍA VERDE DO SALNÉS-1ª FASE CONSTRUTIVA**INFORME-PROPOSTA****ANTECEDENTES**

- Dada conta do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa co obxecto do acondicionamento de Vía Verde do Salnés-1ª fase construtiva.
- Visto que os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa amosaron o seu interese de dar un uso alterativo a unha infraestrutura ferroviaria que xa non responde á funcionalidade para a que foi concibida e conformar unha vía verde pioneira en Galicia que cree un nexo de unión entre os concellos veciños e poña en valor os seus recursos endóxeos.
- Visto que a Deputación é unha institución con interese na creación de itinerarios que contribúan ó uso sostible da natureza, a cal desempeña unha función social e turística importante, ó constituír un eixe de atracción de visitantes e motor socio-económico de desenvolvemento, saúde e benestar do conxunto da sociedade.
- Visto o interese público que representa para a provincia de Pontevedra a consolidación dunha vía verde que favoreza o desenvolvemento sostible das zonas de actuación, o fomento do emprego e o asentamento da poboación no seu lugar de orixe, os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa e a Deputación de Pontevedra conveñen a súa cooperación, co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre administracións públicas que permita a recuperación da antiga rede do ferrocarril que unía os citados Concellos e o financiamento e execución das actuacións necesarias para transformala nunha senda verde pioneira en Galicia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS**Lexislación aplicable**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2018
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2 da LRBRL, en concordancia co artigo 80 da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de promoción e actividade turística de interese e ámbito local, ocupación do tempo libre, e en xeral infraestruturas e equipamentos da súa titularidade
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2018, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa subvencións as previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste sentido, a Deputación, para o desenvolvemento da Vía Verde do Salnés, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2018, dotación orzamentaria, por importe de 200.0000,00 euros, na aplicación 942.9420.652.95 e designados como beneficiarios os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que para a veciñanza e para o resto de potenciais visitantes representa a creación dunha senda verde pioneira en Galicia, os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa e a Deputación de Pontevedra, conveñen a súa colaboración co obxecto de desenvolver un investimento que permitirá: dar un uso alternativo ás infraestruturas de comunicación nas que caeu en desuso a finalidade para a que foron creadas, dar resposta á demanda social de usos turísticos alternativos e favorecer do crecemento sostible das zonas de actuación

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O concello de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa presentaron a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver, e o propio obxecto do convenio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e nas bases de Execución do Orzamento provincial, compételle á Presidencia a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

En consecuencia tendo en conta o exposto e vistos os informes do enxeñeiro xefe de cooperación, de data 14 de decembro de 2018, da xefa do servizo de cooperación da mesma data e visto o informe da intervención, de data 18 de decembro de 2018, elévase á Presidencia a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

APROBAR o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, OS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, PORTAS E VILAGARCÍA DE AROUSA PARA O ACONDICIONAMENTO DA VÍA VERDE DO SALNÉS-1ª FASE CONSTRUTIVA, cuxo teor literal é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E OS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, PORTAS E VILAGARCÍA DE AROUSA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA VÍA VERDE DO SALNÉS- I FASE CONSTRUTIVA.

No Pazo Provincial, ____ de _____ de 201__

REUNIDOS

Dunha parte Dª María del Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra D. Juan Manuel Manuel Rey Rey, Alcalde-Presidente do Concello de Caldas de Reis, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra D. Víctor Estévez Casal, Alcalde-Presidente do Concello de Portas, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra D. Alberto Varela Paz, Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

E actuando D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio marco, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas, e

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa amosaron o seu compromiso de converter un tramo da antiga liña férrea Redondela- Santiago de Compostela, que transcorría entre os tres Concellos nunha vía verde de interese ecolóxico, educativo, cultural, paisaxístico e recreativo. A tal efecto, os tres Concellos en virtude do convenio asinado con ADIF son arrendatarios de parcelas de terreos sen aproveitamento urbanístico, declarados innecesarios para a prestación do servizo ferroviario que foron arrendados a fin de destinalos, única e exclusivamente, ó establecemento dunha vía verde.

III.- Que na actualidade, Pontevedra é unha provincia con interese na creación de itinerarios que contribúan ó uso sostible da natureza, que desempeña unha función social e turística importante, ó constituír un eixe de atracción de visitantes e motor socio-económico de desenvolvemento, saúde e benestar do conxunto da sociedade. Neste contexto, a Deputación quere contribuír á conservación dos nosos espazos naturais, mediante a recuperación de

infraestruturas, na actualidade en desuso, que permitan o desfrute do entorno natural que as alberga.

IV.-Que a lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora da Bases de Réxime Local atribúe, como competencias propias da Deputación, a de coordinación dos servizos de competencia municipal como garantía da súa prestación integral e adecuada e a de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ós municipios. A súa vez a mesma Lei atribúe ós Concellos competencias en materia de promoción do turismo e medio ambiente o que conleva a realización daquelas actuacións que conduzan á efectiva preservación e mellora do medio ambiente e a optimización das infraestruturas que permitan dar a coñecer o patrimonio natural, cultural ou etnográfico.

V.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen o art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, art. 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

VII.- Que esta colaboración entre a Deputación e os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa busca dar un uso alternativo a unha infraestrutura de carácter ferroviario que xa non responde á funcionalidade para a que foi concibida, co obxecto de conformar unha vía verde pioneira na Comunidade Autónoma de Galicia, que cree un sólido nexo de unión entre concellos veciños, reforzando a cooperación entre eles, que poña en valor os recursos endóxenos da provincia e favoreza a mobilidade sustentable.

VIII.- Por último, os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa a prol dunha maior axilidade e eficacia na execución da obra que conleva a creación da Vía verde do Salnés delegan na Deputación de Pontevedra a contratación do investimento.

En base a estes antecedentes, as partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa para levar a cabo o acondicionamento da infraestrutura do ferrocarril fora de servizo de parte da liña Redondela - Santiago de Compostela, que se describen na cláusula segunda, e a creación da vía verde do Salnés.

Polo tanto son obxectivos do presente convenio:

- Dar un uso alternativo a aquelas infraestruturas nas que caeu en desuso a finalidade para a que foron creadas.
- Manter o uso público das infraestruturas de comunicación.
- Dar resposta á demanda social de servizos turísticos alternativos.
- Facilitar á poboación o acceso a unha experiencia deportiva, cultural, educativa e de contacto coa natureza.
- Favorecer o desenvolvemento sostible da zona de actuación mediante a potenciación dos recursos económicos e o fomento do emprego.

Segunda.- Descrición das parcelas de terreos

As parcelas dos terreos situados nos termos municipais de Caldas de Reis, Portas e Caldas de Reis son arrendadas por medio dos respectivos convenios asinados polos citados concellos e a entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF).

Estes convenios de arrendamento, que entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2036, con posibilidade de prórroga por 10 anos mais, describe no seu parágrafo III os terreos arrendados e son:

Termo Municipal	P.K. Inicio	P.K. Fin	Longitud (m)	Superficie (m2)
Portas	38/753	39/995	1.242,00	36.517,00
Caldas de Reis	39/995	44/878	4.883,00	105.663,00
Vilagarcía de Arousa	44/878	46/900	2.022,00	43.814,00

Terceira.- Importe e financiamento.

O importe total do proxecto ascende a cantidade de cinco centos oitenta e tres mil douscentos sesenta e catro euros con cincuenta e dous céntimos (583.264,52€), desagregado en dúas fases:

A fase I, que é a que se corresponde co presente convenio, cun orzamento base de licitación de trescentos cincuenta e seis mil cento oitenta e seis euros con oitenta e sete céntimos (356.186,87€) e a fase II cun orzamento base de licitación de douscentos vinte e sete mil setenta e sete euros con sesenta e cinco céntimos. (227.077,65€)

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar para a realización da I fase construtiva da vía verde do Salnés o importe que ascende a douscentos mil euros (200.000,00€) euros consignado na aplicación 2018/942.9420.652.95 do orzamento provincial.

Os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa, financiarán o importe restante, é dicir, cento cincuenta e seis mil cento oitenta e seis euros con oitenta e cinco céntimos (156.186,87€). Este custe repartirase entre os tres concellos do xeito seguinte:

Termo Municipal	P.K. Inicio	P.K. Fin	Superficie (m2)	Poboación	Coeficiente total reparto	Importe
Portas	38/753	39/995	36.517,00	3.056	11,776	18.392,35€
Caldas de Reis	39/995	44/878	105.663,00	9.830	34,366	53.675,11€
Vilagarcía de Arousa	44/878	46/900	43.814,00	37.283,00	53,858	84.119,41€

Os importes que teñen que achegar os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa constitúen un ingreso de dereito publico que deberá ingresarse na tesourería provincial á sinatura do convenio e, en todo caso, antes da iniciación do expediente de contratación a fin de xerar o crédito necesario na aplicación correspondente.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ó inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase en correlación ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte.

Cuarta.- Contratación

A contratación das obras, dos servizos ou asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións que implican a creación da vía verde do Salnés se levarán a cabo pola Deputación de Pontevedra.

Quinta.- Modificación do proxecto

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento da obra, por causas imprevistas, e que obriguen a unha modificación do proxecto, ou de se producir un incremento da cantidade total estipulada no convenio haberá de contar coa autorización previa e expresa dos Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa e da Deputación de Pontevedra e se financiará na mesma proporción que se recolle na cláusula terceira.

Non obstante, de se producir unha baixa de adxudicación, esta poderá ser aplicada a garantir o financiamento do modificado do proxecto e do contrato até o límite fixado nos Pregos de Cláusulas Administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de Seguimento.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente na fase I e sempre dentro do importe máximo a aportar pola Deputación e polos Concellos dará lugar á tramitación de addendas ao convenio, previo informe e proposta da comisión de seguimento.

Sexta.- Compromisos das partes

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a realización da obra para a recuperación da infraestrutura ferroviaria e creación da vía verde do Salnés consonte ó previsto na cláusula terceira.
- Licitat, adxudicat, executar e recepcionar as obras contempladas no proxecto técnico "Vía verde do Salnés (Proxecto de acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Pontevedra-Carril-Santiago de Compostela. Tramo: Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis, Portas para uso como vía verde)- I Fase construtiva.. Unha vez recepcionada a obra pola Deputación, realizarase un acto formal de entrega ós Concellos, debendo ordenarse previamente mediante unha resolución presidencial, e detallándose na acta de entrega os tramos en cuestión que se entregan, a súa valoración, así coma os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión, no seu caso, no inventario do Concello en particular.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, tratándose dun convenio cuxo importe non excede os 600.000,00 euros.

Pola súa banda, os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa obríganse a:

- Asumir as obrigas económicas que lle correspondan no marco deste convenio.
- Poñer a disposición da Deputación de Pontevedra os terreos necesarios para poder levar a cabo a execución das obras que se contemplan no proxecto técnico
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.

- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura obxecto do convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra para a creación da vía verde do Salnés, obxecto do presente convenio, se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Sétima.- Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista no presente convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das contratacións subvencionadas.

Oitava.- Publicidade:

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa, e nelas figurará o financiamento outorgado por parte da administración provincial.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre os tres concellos arriba referidos e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de

Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Novena.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento do presente convenio, constituirase unha comisión de seguimento e control, integrada pola Presidenta da Deputación e os alcaldes dos concellos respectivos, ou persoa na que deleguen, así como un funcionario/técnico de cada administración asinante deste convenio.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución da obra e no financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello dalgún dos Concellos asinantes ou no Pazo da Deputación ou Edificio Administrativo da Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións

Décimo .- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das actuacións obxecto do mesmo, e, en todo caso fíxase un prazo de execución ata o 31 de decembro de 2019.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes asinantes.

Décimo primeira.- Extinción do convenio

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

- 4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo segunda- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio marco a un só efecto no lugar e data salientada no seu encabezamento.

Pola Deputación de Pontevedra

Polo Concello de Caldas de Reis

M^a Carmen Silva Rego

Juan Manuel Rey Rey

Polo Concello de Portas

Polo Concello de Vilagarcía de Arousa

Victor Estévez Casal

Alberto Varela Paz

O secretario Xeral

Carlos Cuadrado Romay

- DARLLE TRASLADO da presente resolución ó Concellos de CALDAS DE REIS, PORTAS E VILAGARCÍA DE AROSA, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete de Presidencia.

Pontevedra, 18 de decembro de 2018
A XEFA DO SERVIZO DE COOPERACIÓN MUNICIPAL.-

Asdo.: Marina Piñeiro Novo

Vista a precedente proposta de acordo, RESOLVO, de conformidade coa mesma.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).

Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente”.

O que lle traslado para o seu cumprimento, coñecemento e demais efectos

Pontevedra, 18 de decembro de 2018

O SECRETARIO XERAL,

Por delegación a xefa do servizo de cooperación

Segundo R.P. núm. 2016001033 de 25 de xaneiro de 2016



Marina Piñeiro Novo

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA